



INSTITUTO  
GALEGO DE  
ESTADÍSTICA



# INFORME SOBRE O ÍNDICE DE COMERCIO POLO MIÚDO

Abril 2022

Santiago de Compostela, 27 de maio de 2022

Instituto Galego de Estatística  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>  
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

## Índice de comercio polo miúdo (ICM). Abril 2022

- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos constantes diminúe un 0,7% en Galicia en abril de 2022 con respecto ao mesmo período do ano anterior mentres que no conxunto de España aumenta un 3,3%.
- Por produtos, as vendas en Alimentación diminúen un 6,8% e no Resto de produtos un 2,0%.
- As vendas minoristas aumentan en trece comunidades autónomas.
- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes rexistra un crecemento do 11,3% en Galicia no mes de abril de 2022 con respecto ao mesmo período do ano anterior, e no conxunto de España do 15,5%.
- O índice xeral de ocupación rexistra unha taxa do 3,0% en Galicia e do 2,3% no conxunto do Estado.
- A ocupación aumenta en todas as comunidades autónomas no mes de abril.

### Índices de comercio polo miúdo a prezos constantes. Abril 2022

Taxa de variación do índice xeral sen estacións de servizo e achegas dos seus compoñentes	Índice	Variacións (%)	
		Interanual	No que vai de ano
Xeral	100,9	-0,7	-2,7
Xeral sen estacións de servizo	99,4	-4,0	-4,3
Alimentación	92,4	-6,8	-7,0
Resto	104,4	-2,0	-2,8

Categoría	Interanual (%)	No que vai de ano (%)
Xeral	-0,7	-2,7
Xeral sen estacións de servizo	-4,0	-4,3
Alimentación	-6,8	-7,0
Resto	-2,0	-2,8

## 1. Índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes

O índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes diminúe un 0,7% en Galicia en abril de 2022 con respecto ao mesmo período do ano anterior mentres que no conxunto de España aumenta un 3,3%.


O índice xeral sen estacións de servizo diminúe un 4,0% en Galicia e crece un 0,7% en España respecto a abril de 2021. Desagregando por produtos:

- A Alimentación reduce as súas vendas un 6,8% en Galicia e un 1,5% no conxunto de España.
- O Resto de produtos diminúe un 2,0% en Galicia mentres que aumenta un 2,5% no conxunto do Estado.

Nos catro primeiros meses do ano, o índice xeral diminúe un 2,7% en Galicia, taxa 3,3 puntos inferior á de España (0,6%). A Alimentación reduce as súas vendas un 7,0% en Galicia e un 1,6% no conxunto do Estado; no Resto de produtos as vendas caen un 2,8% en Galicia e un 0,7% en España.

Se se eliminan os efectos estacionais e de calendario, o índice xeral presenta unha taxa de variación interanual do -1,4%.

O gráfico mostra a evolución da taxa de variación interanual do índice xeral do comercio minorista na serie orixinal e na serie corrixida de estacionalidade e calendario.




## 2. Índices por comunidades autónomas

As vendas aumentan en trece comunidades autónomas. Os maiores incrementos rexístranse en Canarias (14,4%) e Illes Balears (11,6%).

En catro comunidades autónomas diminúen as vendas: Castilla – La Mancha (-1,6%), País Vasco (-1,2%), Asturias (-0,8%) e Galicia (-0,7%).

Índice xeral do comercio minorista a prezos constantes. Abril 2022

Taxas de variación en %




No que vai de ano, nove comunidades incrementan as vendas, rexistrando as taxas máis elevadas Canarias (9,2%) e Illes Balears (5,7%).

Os maiores descensos rexístranse en País Vasco (-3,6%), Castilla – La Mancha (-3,2%) e Galicia (-2,7%).

## 3. Índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes

O Índice de comercio polo miúdo (ICM) a prezos correntes aumenta un 11,3% en Galicia no mes de abril de 2022, e un 15,5% no conxunto de España.

O índice xeral sen estacións de servizo rexistra unha taxa do 6,4% en Galicia e do 11,3% en España. Desagregando por produtos, en Galicia as vendas en Alimentación aumentan un 1,5% e no Resto de produtos un 10,2%. No conxunto do Estado, rexístrase un incremento do 7,6% das vendas en Alimentación e do 14,3% no Resto de produtos.



#### 4. Índice de ocupación

O índice xeral de ocupación amosa unha taxa de variación interanual do 3,0% no mes de abril en Galicia e do 2,3% no conxunto do Estado.

En media do que vai de ano, a ocupación crece un 3,5% en Galicia e un 2,6% en España.

#### 5. Índices de ocupación por comunidades autónomas


A ocupación no comercio minorista aumenta en abril en todas as comunidades autónomas.

Os maiores incrementos rexístranse en Illes Balears (6,5%), Canarias (3,9%) e Andalucía (3,7%). Os menores crecementos danse en Asturias (0,2%) e Murcia (0,3%).

Nos catro primeiros meses do ano, os maiores crecementos rexístranse en Illes Balears (4,5%) e Cantabria (4,1%). Os menores incrementos danse en Asturias (0,6%) e Murcia (1,0%).

## Índice xeral de ocupación. Abril 2022

Taxas de variación en %



## Notas metodolóxicas

Os índices de comercio polo miúdo son uns indicadores conxunturais que teñen por obxecto coñecer as características fundamentais das empresas dedicadas ao exercicio do comercio polo miúdo en España, e que permiten medir, a curto prazo, a evolución da actividade das empresas incluídas na sección G da CNAE-2009.

Os índices calcúlanse como un índice Laspeyres encadeado con ano base 2015 (encadeamento mensual no mes de decembro).

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes mostran a evolución das vendas do sector minorista unha vez eliminado o efecto que os prezos teñen sobre as ditas vendas.

Os deflactores que se utilizan nos distintos índices a nivel de comunidade autónoma son:

- Índice xeral de comercio minorista: IPC xeral sen servizos nin alugueres; nin automóviles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento
- Índice xeral sen estacións de servizo: IPC xeral sen servizos nin alugueres; nin automóviles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento; nin carburantes e lubricantes.
- Índice Alimentación: IPC alimentos, bebidas e tabaco.
- Índice Resto: IPC xeral sen alimentos, bebidas e tabaco; nin servizos nin alugueres; nin carburantes e lubricantes; nin automóviles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento.

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes obtéñense como cociente entre os índices de comercio polo miúdo a prezos correntes e o IPC<sup>1</sup>.

---

<sup>1</sup> Os índices de comercio polo miúdo están en base 2015, e o IPC en base 2021, polo que se calcula un índice de prezos en base 2015.

## Anexo cadros

Cadro 1. Índices de comercio polo miúdo. Abril 2022

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>						
Xeral	118,9	11,3	9,0	100,9	-0,7	-2,7
Xeral sen estacións de servizo	115,7	6,4	5,5	99,4	-4,0	-4,3
Alimentación	109,5	1,5	-1,2	92,4	-6,8	-7,0
Resto	120,0	10,2	11,0	104,4	-2,0	-2,8
<b>España</b>						
Xeral	117,3	15,5	12,6	99,7	3,3	0,6
Xeral sen estacións de servizo	113,7	11,3	9,2	98,1	0,7	-0,8
Alimentación	116,6	7,6	4,6	98,2	-1,5	-1,6
Resto	111,4	14,3	13,1	97,9	2,5	-0,7

Fonte: I.E.E. Elaboración propia a partir dos datos suministrados por I.N.E.

Cadro 2. Índices de comercio polo miúdo corrixidos de estacionalidade e calendario. Abril 2022

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>						
Xeral	122,8	9,4	8,5	105,7	-1,4	-2,3
Xeral sen estacións de servizo	121,7	5,5	5,7	106,0	-4,6	-3,8
Alimentación	111,7	0,2	-1,2	94,0	-7,5	-7,0
Resto	126,2	8,7	10,7	109,6	-3,0	-1,9
<b>España</b>						
Xeral	124,2	14,4	12,5	105,2	1,5	0,6
Xeral sen estacións de servizo	120,7	10,1	9,2	104,2	-0,6	-0,7
Alimentación	117,9	5,1	4,6	100,2	-3,0	-1,3
Resto	120,9	12,7	13,4	105,7	0,2	-0,4

Fonte: I.E.E. Elaboración propia a partir dos datos suministrados por I.N.E.



Cadro 3. Índice xeral do comercio polo miúdo por comunidades autónomas. Abril 2022

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	117,3	15,5	12,6	99,7	3,3	0,6
Andalucía	116,6	18,1	12,7	99,7	5,9	1,0
Aragón	115,5	17,4	12,7	97,2	3,4	-0,6
Asturias	109,0	11,0	9,5	93,2	-0,8	-2,0
Balears, Illes	121,3	23,8	18,2	104,2	11,6	5,7
Canarias	111,3	25,8	20,3	96,4	14,4	9,2
Cantabria	113,9	18,6	13,2	96,6	6,1	1,3
Castilla y León	113,2	20,1	15,3	94,6	5,7	1,9
Castilla-La Mancha	117,8	12,7	10,1	97,6	-1,6	-3,2
Cataluña	109,1	12,5	11,5	91,9	0,6	-0,3
Comunitat Valenciana	118,8	17,2	13,1	101,8	4,9	0,9
Extremadura	108,0	19,0	13,9	92,4	6,7	2,0
GALICIA	118,9	11,3	9,0	100,9	-0,7	-2,7
Madrid	133,9	12,6	12,8	114,7	1,2	1,4
Murcia, Región de	115,3	13,9	11,3	99,2	2,5	-0,1
Navarra	114,3	15,4	11,6	95,5	2,2	-0,9
País Vasco	111,6	9,8	7,7	94,6	-1,2	-3,6
Rioja, La	116,4	17,3	14,5	98,2	4,4	1,6
Ceuta	82,2	7,5	4,8	70,9	-2,6	-4,8
Melilla	79,7	3,0	0,6	67,8	-7,7	-9,6

Fonte:INE

Cadro 4. Índices de ocupación. Abril 2022

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	104,0	3,0	3,5
Xeral sen estacións de servizo	103,7	3,0	3,5
España			
Xeral	103,4	2,3	2,6
Xeral sen estacións de servizo	103,3	2,2	2,6

Fonte:INE

Cadro 5. Índice xeral de ocupación por comunidades autónomas.  
Abril 2022

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	103,4	2,3	2,6
Andalucía	101,3	3,7	3,7
Aragón	104,1	1,6	1,9
Asturias	102,8	0,2	0,6
Baleares, Illes	107,1	6,5	4,5
Canarias	103,0	3,9	3,2
Cantabria	102,2	3,5	4,1
Castilla y León	104,3	2,4	3,0
Castilla-La Mancha	102,1	2,2	2,0
Cataluña	101,4	1,2	2,2
Comunitat Valenciana	108,8	1,8	2,1
Extremadura	102,3	2,1	2,3
GALICIA	104,0	3,0	3,5
Madrid	104,0	1,7	2,4
Murcia	101,5	0,3	1,0
Navarra	102,3	2,0	2,8
País Vasco	103,9	1,0	1,9
Rioja, La	104,6	2,9	3,1
Ceuta	98,0	-0,1	-0,1
Melilla	99,3	0,7	0,9

Fonte: INE